

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 08/06/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 08/06/2020 reuníronse na Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01 de xuño de 2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/0855

Dáse conta de escrito presentado por D. Julio Reiris Brea solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados en Avda. Agustín Romero nº 60.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que na citada Avda. xa existen dúas prazas para persoas discapacitadas, situadas á altura do número 23 e que distan 230 m. aproximadamente, así como na Rúa Entrante 2 tamén existe unha praza que dista da videnda uns 120 m.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de discapacitados na Avda. Matosinhos, na zona de estacionamento existente xunto ao cruce coa Avda. Agustín Romero.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/0950

Dáse conta de informe da Policía Local en relación a proposta de sentidos únicos nas Rúas Fondo de Vila, Montinho e parcialmente na Rúa Nova de Trabanca Sardiñeira, no que se fai a seguinte proposta:

- O tramo que vai do Ceip Rosalía de Castro (Carril) ata a confluencia do número 43 da rúa Fondo de Vila/ou o número 1 da rúa Nova de Trabanca (Trabanca Sardiñeira), presenta grandes irregularidades nas súas anchuras, que van dende os 2,3 ata os 2,6 metros, co cal en todo o tramo NON é posible a circulación simultánea de dous vehículos; a isto, hai que engadirlle a ausencia de zonas que faciliten a manobra ao confluír dous ou varios vehículos, así como a pendente do tramo que dificulta aínda máis calquera manobra. POLO TANTO, ACONSÉLLASE que este tramo SEXA DUN SÓ SENTIDO DE CIRCULACIÓN (preferentemente baixada de Fondo de Vila cara Carril), coa seguinte sinalización:

- 1. Glorieta. Sinal vertical de entrada prohibida R-101;
- 2. Confluencia rúa Ibérica con Fondo de Vila: sinal vertical de sentido obrigatorio esquerda R-400b;
- 3. Confluencia rúa Fondo de Vila con rúa Nova: sinal vertical de limitación de anchura dous metros (R-204), sinal S5 de "túnel"/ limitación de altura máxima 2,5 metros;

Ao mesmo tempo, aconséllase que a rúa Fondo de Vila fose dun só sentido de circulación (entrada por rúa Nosa Señora dos Anxos) dos números 1 ata o 43; e DESTE XEITO A CIRCULACIÓN QUEDARÍA coa entrada dos vehículos procedentes de Nosa Señora dos Anxos nun só sentido de circulación pola rúa Fondo de Vila, podendo continuar cara rúa Colexio de Carril ou pola rúa Nova de Trabanca, e de novo nun só sentido circulatorio pola rúa Montaña (saída de novo cara Nosa Señora dos Anxos); coa seguinte sinalización:

- 4. Retirada do sinal vertical de STOP;
- 5. Retirada sinal vertical STOP; colocación sinal vertical de entrada prohibida R-101 para os vehículos que proveñan da rúa Nova; e colocación de sinal vertical de ceda o paso R-1 dos vehículos que proveñan de Fondo de Vila e á altura do número 43 se atopen coa circulación que baixa de rúa Nova;
- 6. retirada da sinalización existente do anterior dobre sentido;
- 7. colocación de sinal vertical de entrada prohibida R-101 para os vehículos procedentes de rúa Nosa Señora dos Anxos.

Ámbalas dúas rúas teñen gran irregularidade nas súas anchuras, tendo tramos que oscilan dos 2,8 ata os 4,2 metros, e tal e como amosan as fotos adxuntas, gran cantidade de vehículos estacionan nelas, polo que o pintado amarelo iría en función da anchura de cada zona.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a proposta de sinalización formulada pola Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/1450

Dáse conta do protocolo remitido pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza polo que se establecen as medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao Covid-19 para o desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020, publicado no Diario Oficial de Galicia o día 30 de maio, no que entre outras cousas, aconsellan que os servizos de limpeza e desinfección dos colexios electorais fixadas no protocolo sexan contratados polos propios Concellos, coa finalidade de acadar a máxima calidade do servizo, sen prexuízo de que a súa financiación será achegada pola Xunta de Galicia.

Faise constar que xa se pediron orzamentos de limpeza e desinfección para colexios electorais nos que se ubicarán as 54 mesas electorais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1451

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Begoña Juez Gallo, Dona Banesa Feixó Otero e La Tienda de maca SC solicitando a modificación da sinalización de carga e descarga situada na fronte aos números 26, 28 e 30 da Avda. da Mariña, e se situe na beirarrúa diante da Praza da Peixería.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e que se proceda a situar a zona de carga e descarga diante da beirarrúa da Praza da Peixería, tal e como se indica no citado informe.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/1452

Dáse conta da modificación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, polas causas excepcionais derivadas do estado de Alarma e que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 1 de xuño de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1454

Dáse conta da Orde SND/458/2020, de 30 de Maio, do Ministerio de Sanidade, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, publicada no Boletín Oficial do Estado de 30 de maio de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1455

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR SL para o aluguer de baños para a Praia do Preguntoiro por un total de 120 días para a tempada de verán, por un importe total de 631,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1456

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisiy Alcalde Monteagudo, en representación de O Soño de Lilith, solicitando autorización para levar a cabo o evento FESTIVALIA na Praza da Peixería e Praza da 2ª República, o día 19 de setembro de 2020.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio

Será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Comunicarlle así mesmo que deberán cumprir as normas que se diten para os eventos deste tipo no período de a nova normalidade (sanitarias, aforo, etc.)

PRP2020/1457

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Bueno Piñeiro solicitando a ampliación da sinalización do vao permanente existente na Rúa Pablo Iglesias 12 (nº 377), ampliando 1 m. a cada lado para favorecer a entrada e saída de vehículos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinalización de 60 cm. na marxe dereita, sinalizando igual que os 60 cm. xa existentes na marxe esquerda, dado que a ampliación a 1 m.

a cada lado conlevaría dificultades e diferenzas con outros vaos existentes.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/1481

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SepyMedical SLU para o subministro de artigos de uniformidade para os socorristas do servizo de praias para a época estival 2020 (24 camisetas, 12 sudaderas e 24 bañadores coa correspondente serigrafía), por un importe total de 1.189,91 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/1483

Dáse conta de publicación no DOG de 13 de maio de 2020 de extracto da Orde do 5 de maio de 2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2020-2021 (código de procedemento MT9751).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar subvención dentro da Liña 1:

- a) adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes na nosa comunidade autónoma, para a xestión de residuos especiais de competencia municipal.
- b) para a recollida de biorresiduos para grandes productos.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2020/1476

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Inclusión Social en relación ao anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2019 para o financiamento básico dos servizos sociais comunitarios municipais (Plan Concertado 2020):

Financiamento básico asignado en 2019

- Traballador Social: 84.075,00 €

- Titulado Medio. 33.630,00 €

- Titulado Superior: 20.229,00 €

- Outros profesionais: 0,00 €

- Saf Prestación Básica. 6.628,84

TOTAL ASIGNADO 2019: 144.562,84 €

ANTICIPO 2020 (50%): 72.281,42 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2020/1477

Dáse conta de Resolución complementaria de concesión de subvención do Servizo de orientación e

Promoción Laboral, polo que se incrementa a subvención concedida pola resolución do 9 de agosto de 2019, en concepto de subvención para gastos salariais dos alumnos traballadores do Obradoiro de Emprego Laboral Xove 2018 en 2.768,73 €, ata o importe global de 182.790,01 € coa finalidade de facer fronte ao incremento do SMI.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/1478

Dáse conta de Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 19 de maio de 2020 pola que se modifica a orde do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, como consecuencia da situación creada pola evolución da epidemia do COVID-19, que dispón, entre outras: Modificación do artigo 4:

- «1. Os proxectos terán unha duración de seis meses, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional. Con todo, debido á situación derivada da pandemia provocada polo COVID-19, e para aqueles proxectos que non completasen as súas actividades na data prevista, este prazo verase ampliado polo mesmo tempo que dure a suspensión derivada do estado de emerxencia sanitaria en Galicia e do estado de alarma, coa finalidade de que poidan continuar desenvolvéndose partindo da situación na que se atopaban no momento da súa suspensión.
2. Transcorrido o prazo de duración previsto na resolución de aprobación do proxecto ou o que resulte da ampliación expresada no punto anterior, o proxecto considerarase finalizado.
3. A ampliación regulada no presente artigo establécese sen prexuízo da suspensión do cómputo de prazos que resulte aplicable, polo mesmo período e circunstancias, a outros aspectos regulados na convocatoria e nas bases reguladoras.
4. A data límite para o inicio dos proxectos será o 30 de setembro de 2019».

Artigo 6. Modificación do Artigo 36.

O artigo 36 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 36. Subvención máxima xustificable

A subvención máxima que se pode admitir como xustificada, por gastos de formación e funcionamento, para cada un dos módulos A e B, non poderá exceder o que resulte de multiplicar o número de horas realizadas polo importe de cada módulo. Para estes efectos, tamén serán consideradas como horas efectivas as do alumnado-traballador que abandone o proxecto polo tempo comprendido entre a data da súa baixa e, no seu caso, o final do proxecto. Computaranse como horas realizadas as correspondentes ao período de suspensión para aquelas entidades que se acolleron á ampliación do prazo para a realización de actividades motivada polo COVID-19.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

PRP2020/1447

Dáse conta da solicitude de D. Pablo Iglesias Santiago, de expedición de permiso municipal de condutor ó seu favor, para conduci-lo vehículo adscrito á licenza de Taxi nº 28 e a baixa como condutor asalariado na licenza nº 24.

Visto o informe técnico e a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Autorizar a baixa de don Pablo Iglesias Santiago como condutor asalariado na licenza de taxi número 24 deste concello.
- 2.- Vista documentación achegada ao expediente don Pablo Iglesias Santiago cumpre co esixido na

normativa autonómica e no regulamento municipal dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, para a expedición de carné municipal de condutor, procedendo a súa adscrición como condutor asalariado da licenza de taxis número 28 do concello de Vilagarcía de Arousa.

EDUCACIÓN

PRP2020/1479

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona M^a Esther Vilas Marina (La Castellana) para o subministro de oito batas para o persoal subalterno da Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 188,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2020/1480

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Bancaria "La Caixa" para a realización da exposición "TIERRA DE SUEÑOS", na Praza da 2^a República. que se desenvolverá, contando coa montaxe e desmontaxe entre o 7 de xullo e o 1 de agosto, sendo as datas de exposición do 10 ao 30 de xullo de 2020.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

CONTRATACIÓN

PRP2020/1280

Dáse conta da 3^a Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa para levar a cabo o proxecto de "Acondicionamento da Vía Verde do Salnés - 1 Fase construtiva", que incrementa o orzamento base de licitación en 46.224,00 €, facendo un total de 402.410,87 €, repartíndose este incremento de custo de acordo coas porcentaxes fixadas no convenio inicial do seguinte xeito:

	Deputación de Pontevedra	Concello de Vilagarcía de Arousa	Concello de Caldas de Reis	Concello de Portas
Porcentaxes	56,15%	23,62%	15,07%	5,16%
Aportacións	25.954,78 €	10.918,11 €	6.965,96 €	2.385,16 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada Addenda e o recoñecemento de obriga a favor da Tesourería Provincial polo importe citado de 10.918,11 €, con cargo ás partidas orzamentarias 170.60900 e 171.62300.

PRP2020/1396

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Galsur Proxectos y Obras SLU o contrato menor das obras de sinalización vertical e marcas viarias para "Ciclovía Avenida Dr. Tourón - Alejandro Cerecedo", por un importe total de 7.386,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.61900, de conformidade co orzamento presentado.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2020/1442

De conformidade coa Operación de “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato de obra aprobado, trala realización do traballo e a comprobación do mesmo polo Director de Obra, acórdase a aprobación da seguinte factura e a súa correspondente certificación de obra:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
MONTAJES IGLESIAS, S.L.	J.M. Emit- 200418 REG 20/2768	37.087,21 €	1530-6190017 AD220180027996 RC220180027998	Certificación oito “Reforma e humanización da Plrza Independencia e un tramo de San Roque”. REG 2020/2858
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_23_MARMONTA, Proxecto 2018-2-DUSI-13 e aplicación orzamentaria 1530-6190017.				

PRP2020/1443

De conformidade coa Operación de “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato de obra aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo Director de Obra, acórdase a aprobación da seguinte factura e a súa correspondente certificación de obra:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
MONTAJES IGLESIAS, S.L.	J.M. Emit- 200417 REG 20/2884	28.044,24 €	1530-6190017 AD220200006373	Certificación Nove modificado “Reforma e humanización de la Praza Independencia e un tramo de San Roque”. REG 2020/2887
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_23_MARMONTA, Proxecto 2018-2-DUSI-13 e aplicación orzamentaria 1530-6190017.				

PRP2020/1444

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2020/54, por importe de 13.774,55 € coa seguinte desagregación:

REX.	DOC.	Fecha Dto.	Total	Nome	Texto Explicativo	Progr,	Econ,
F/2020/2877	Emit- 94	21/04/2020	484,00	GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION	RECURSOS HUMANOS (CAMPAÑA COVID 19)	926	22602
F/2020/2878	F06000R-12639	28/02/2020	58,42	DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.	INT.CREPUSCULAR COMPACT 230V 16A (Obra: ALUMBRADO VILAXOAN)	165	213
F/2020/2883	17 10018489	21/04/2020	235,98	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	(D8209) TODO SOCIAL (SUSCRIPCION PERIODO 04-2020 A 03-2021 DESCUENTO 4,26%#CR#PORCENTAJE DE IVA 4.00%#CR#Cliente Envi	920	22001
F/2020/2886	Emit- 20092	23/04/2020	1.532,96	TROQUIÑA, S.L.	Camelio C110 - Alt 200 (Servizo: Parques e Xardíns Rúa Aquilino Iglesias con Eduardo Pondal)	171	22109
F/2020/2891	N45	24/04/2020	2.774,19	INTERN. PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.	Soporte Switches Brocade	9201	22706
F/2020/2892	V25	16/01/2020	6.031,00	INTERN. PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.	SUBMINISTRO 5 ORDENADORES PORTATILES	9201	62600
F/2020/3544	2020/13	26/05/2020	1.573,00	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS ASISTENCIA TÉCNICA E ENXEÑERÍA. MES MAIO 2020	150	22706
F/2020/3636	05/20	26/05/2020	1.085,00	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS PRESTADOS POLA LETRADA NO MES DE MAIO 2020.	2312	22604
		TOTAL	13.774,55				

PRP2020/1446

Visto o expediente de gasto integrado polo xustificante de gasto con Nº de rexistro 2020/3572, importe de 35.837,54€ emitido pola empresa ACTIV. DE CONST., EDIF. Y VIALES, S.L., adxudicataria do contrato

de obras que ten por obxecto “REFORMA GRADERIO DE PREFERENCIA. CAMPO FUTBOL DA LOMBA. OBRA(2)Nº1/19/2018 POS 2018.

Visto o Informe do Arquitecto director da obra, no que en síntese indica que debido á paralización das obras e subministros necesarios para o remate da obra a consecuencia do decreto do Estado de Alarma e polo tanto a necesidade da ampliación do prazo de execución en dúas semanas.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal incorporada ao expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Convalidar a obra executada no período comprendido entre o 13 e o 30 de ABRIL de correntes, período para o cal non existe acordo de prórroga e que é obxecto de certificación pola contratista có informe favorable do director de obra.
2. O Recoñecemento de Obriga para o rexistro Nº F/2020/3572 coa seguinte desagregación:

Nº Rexistro Factura	Documento	Fecha Doc.	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
F/2020/3572	CINCO	07/05/2020	2020 341-63200	35.837,54€	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	CERTIFICACIÓN CINCO. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA. VILAGARCÍA.

3. A aprobación da cesión do dereito de cobro da CERTIFICACIÓN CINCO. OBRA(2)Nº01/19/2018. REFORMA DO GRADERÍO DE PREFERENCIA. CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA polo importe de 35.837,54€ a favor de BORROX FINANCE, S.L. (CIF: B94097268)
4. Que á vista do informe do Director de obra, polo responsable do contrato se tramite a prórroga polo período informado favorablemente.

PRP2020/1441

Visto o expediente de gasto INT/2020/179 integrado pola relación de xustificantes de gasto F/2020/55 por importe de 83.749,23 €.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención Municipal incorporado ao expediente.

A Xunta de Goberno Local, acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2020/55, por importe de 83.749,23 € coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Progr.	Econ.	Nome	Texto Explicativo
F/2020/2895	1 20191661	19/12/2019	2.300,91	920	22706	SOLU. AVAN. INFORM. APLICADA, S.L.	Mantenimiento Ginpix7 2º SEMESTRE (EN CASO DE NO NOTIFICAR A SAVIA LA DISCONFORMIDAD TOTAL O PARCIAL SOBRE ESTA FACTURA
F/2020/2896	SAD 20970122	08/04/2020	401,54	231	22725	ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.	SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE DEPENDENCIA EN DOMINGOS Y FESTIVOS DURANTE EL M
F/2020/2896	SAD 20970122	08/04/2020	78.662,78	231	22725	ARALIA SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.	SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE DEPENDENCIA EN DOMINGOS Y FESTIVOS DURANTE EL M
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	38,50	132	22799	INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	2312		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	71,50	920		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7

F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	38,50	931		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	334		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	3261		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	165		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	3262		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	38,50	150		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	2311		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2897	FA 3404	27/04/2020	11,00	231		INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240 LT () / APLICACION ORZAMENTARIA : 132 22799 POLICIA / ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 7
F/2020/2902	Rect-D-6-2020	31/03/2020	2.120,00	134	48401	EMPRESA PEREIRA, S.L.	RECARGAS TARXETA VAI-BUS PARA TRANSPORTE DURANTE MES DE MARZO (212 RECARGO SEGUNDO RELACIÓN ADXUNTA)
		TOTAL	83.749,23				

PRP2020/1449

A Xunta de Goberno Local acorda:

- A convalidación do expediente de gasto mediante informe do concelleiro delegado para os xustificantes de gastos que de seguido se relacionan e que se integran na relación de facturas F/2020/57, co seguinte detalle:

Nº REXISTRO FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2020/782	CONVALIDACIÓN do acto de gasto polo servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Enero de 2020Importe servizo.	2.004,64	323-22700
F/2020/1519	CONVALIDACIÓN do acto de gasto polo servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Febrero de 2020Importe servizo.	2.004,64	323-22700
F/2020/1575	Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello.	386,36	171-22799
F/2020/1575	Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello.	386,36	231-22799

- O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/57, por importe de 99.650,33€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Progr.	Econ.	Nome	Texto Explicativo
F/2020/782	0214800000120F	31/01/2020	2.004,64	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Enero de 2020Importe servizo
F/2020/1408	A 11213	23/02/2020	47,43	164	22199	EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	GUANTE NYLON BAÑO NITRILO / GUANTE NOVATRIL D/BAÑO
F/2020/1429	0960327354	25/02/2020	94,38	334	213	KONE ELEVADORES, S.A.	HORAS NORMALES//ASCENSOR/AV. MARIÑA, 27/AV. MARIÑA, 27
F/2020/1447	Emit- 038	27/02/2020	2.996,06	171	213	VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	PROGRAMADOR DE 6 ZONAS (PRESUPUESTO 493/2020. APROBADO

							EN COMISION DE GOBIERNO CELEBRADRA EL 24/02/2020) / LLAVE DE
F/2020/1519	02148000002220F	29/02/2020	2.004,64	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Febrero de 2020Importe servizo
F/2020/1542	E. 3	03/03/2020	287,98	931	22707	GABINETE CARTOTEC, S.L.	Envío 060202001M10_Tramitación de expedientes 901N
F/2020/1556	4002794284	29/02/2020	6.597,72	920	22201	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD
F/2020/1573	Emit- 20001677	29/02/2020	2.146,15	171	213	BAYGAR, S.L.	TIEMPO DE TRABAJO (TALLER RESPONSABLE: DOLORES SUMAI RESPONSABLE: DOLORES BARREIRO BANCO PASTOR ES90 0238 8104 6306 004
F/2020/1575	VIL-20 002	29/02/2020	386,36	171	22799	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello
F/2020/1575	VIL-20 002	29/02/2020	386,36	231	22799	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello
F/2020/1933	C200000082	29/02/2020	11,06	920	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	EURO-SUPER / EURO-SUPER
F/2020/1970	2020/0443	29/02/2020	79.303,25	1623	22700	SOGAMA, S.A.	Tratamento RU Mes Febreiro 2020
F/2020/2030	34-20 3	14/03/2020	23,36	150	22799	COPESEDEL, S.L.	Escaneado proyecto ""PARKING XOAN XXIII"" / Copias planos
F/2020/2251	1200167924	26/03/2020	13,27	334	22699	SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE	0003338579 SALON GARCÍA ALCALDE REY DAVIÑA 14 , 14 VILAGARCIA (SANTA EULALIA 36600 CINE 11/03/2020 UNA CUESTIÓN DE GÉNER
F/2020/2252	0912756	31/03/2020	3.347,67	2311	22701	EULEN SEGURIDAD, S.A.	SERVICIO PREVENCION Y ASISTENCIA ADROGODEPENDIENTES (VILAG POR EL SERVICIO DE VIGILANCIA PRESTADO EN MARZO/20
		TOTAL	99.650,33				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.